

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I2H8	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-12-18 08:47

Número 22 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de reparación do muro entre as rúas París-Luxemburgo.

Destinatario

15078DCMG12I2H8M
²15078DCMG12I2H8M#»
²15078DCMG12I2H8M#»

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

22 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE REPARACIÓN DO MURO ENTRE AS RÚAS PARÍS-LUXEMBURGO.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 17 de decembro de 2018 do arquitecto xefe do Servizo de Proxectos e Obras, conformado polo concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial.

No devandito informe-proposta indícase o seguinte:

"Expediente: *Reparación do muro entre as rúas París-Luxemburgo (Fontiñas)*

Asunto: *Informe-proposta de aprobación do proxecto de reparación do muro entre as rúas París-Luxemburgo (Fontiñas)*

INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE REPARACIÓN DO MURO ENTRE AS RÚAS PARÍS-LUXEMBURGO

Primeiro. ANTECEDENTES

1.- O muro de contención situado entre as rúas de París e de Luxemburgo atópase parcialmente curvado e tivo que ser apontoado

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I2H8	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-12-18 08:47

para evitar o seu posible esborralle. Por experiencias habidas noutros muros de similares características existentes no barrio de Fontiñas, estes muros están tendendo a desprazarse polo empuxe hidrostático do auga que se filtra no seu extradorso ou polo empuxe das raíces de árbores, habéndose producido xa derrubes nalgúns deles.

2.- O seu sistema estrutural baséase unicamente no apoio directo por gravidade dos perpiaños de granito que conforman o aparello do muro e da consecuente resistencia por rozamento das caras aos empuxes horizontais. O estado do plano drenante do extradorso non é fiable na maior parte deles, xa que xeralmente as gravas están colmatadas e non dispoñen de xeotéxtil de protección nin de tubos drenantes de evacuación.

3.- As edificacións existentes tras estes muros están recuamentas algúns metros. A súa planta baixa está a cota coa coroación do muro e xeralmente dispoñen de plantas de garaxe inferiores cos seus propios muros de contención. Xa que logo, os muros de contención exteriores das mazás non adoitan incidir nin apoiar estruturalmente ás cimentacións das edificacións.

4.- Por outra banda, en conversacións con residentes do edificio lindante ao muro, sobre a explanada peonil existente ao longo da fachada este do edificio, manifestaron que a recolleita de pluviais desta área é insuficiente e está en mal estado e, ademais, as deformacións existentes no pavimento provocan asolagamentos dunha ampla superficie, polo que a auga acaba acumulándose ao longo da coroación do muro. Xa que logo, é posible que as escorrentas acaben filtrándose no extradorso do muro, incrementando o empuxe hidrostático sobre o mesmo.

5.- O goberno municipal, consciente desta problemática, encargou a redacción do proxecto construtivo obxecto desde informe coas seguintes directrices:

- Reparación e reforzo do muro de contención desprazado na lonxitude que sexa necesaria ao longo dos panos que conflúen na esquina.
- Mellora do drenaxe e da recolleita de pluviais da explanada superior asociada ao muro e nivelación da súa superficie para o seu adecuado uso público.

6.- Con data 21/09/2018 procedeuse polo Concello de Santiago de Compostela a emitir a autorización e disposición de gasto do contrato de servizos (AD/220180012412) para a redacción do proxecto construtivo denominado "*Reparación do muro entre as rúas París-*

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I2H8	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-12-18 08:47

Luxemburgo (Fontiñas)". O seu equipo redactor, EIC DURÁN SL, efectuado o correspondente proceso de coordinación e revisión do deseño da actuación co Concello, presentou a versión definitiva do referido proxecto con data 14/11/2018.

Segundo. SOLUCIÓN ADOPTADA

2.1.- No apartado 6 da memoria do proxecto descríbense as actuacións proxectadas.

2.2.- Revisado o contido do proxecto, e dende un punto de vista formal, o enxeñeiro de camiños municipal D. Miguel Fernández Solís informa con data 13 de decembro de 2018 que o proxecto describe con suficiencia as obras necesarias para o seu obxecto e cumpre cos requisitos documentais requiridos na lexislación de contratos do sector público e na lexislación sectorial vinculante (seguridade e saúde, xestión de residuos, etc.) para a súa tramitación.

Terceiro. DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS AFECTADOS E AFECCIÓNS SECTORIAIS

3.1.- As obras previstas se desenvolven en espazos públicos urbanos exteriores de titularidade municipal, polo que existe plena dispoñibilidade dos terreos afectados para a súa execución.

3.2.- Consultado o xeoportel municipal, ou PXOM e o apartado 11 da memoria do proxecto construtivo, a actuación prevista non ten afeccións sectoriais que requiran solicitar informes ou autorizacións preceptivas previas.

Cuarto. INFORME DO ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS MUNICIPAL

Con data 13 de decembro de 2018 o enxeñeiro de camiños municipal, D. Miguel Fernández Solís, do Servizo de Proxectos e Obras informa que "*á vista do sinalado no presente informe técnico, considerase que o proxecto construtivo presentado cumpre co encargo encomendado polo Concello e proponse, se procede, a súa tramitación*".

De acordo coa información do proxecto construtivo (orçamento e apartados 12, 14 e 16 da memoria) os parámetros de licitación son os seguintes:

- Orçamento das obras: 266.972,73 € + 56.064,27 € de IVE (21%) = 323.037,00 €.
- Prazo de execución: 4 meses.
- Clasificación do contratista: non se esixe.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I2H8	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-12-18 08:47

Aos efectos de acreditar a solvencia técnica e económica dos licitadores, se propón como clasificacións supletorias do contratista algunha das seguintes: B-2-3 ou C-2-3.

De conformidade co ata aquí establecido propónse:

APROBAR o proxecto técnico de reparación do muro entre as rúas París-Luxemburgo (Fontiñas) elaborado por E.I.C. DURÁN S.L.

O orzamento máximo de licitación é de 266.972,73 € + 56.064,27 € de IVE (21%) = 323.037,00 €.

O prazo de execución é de 4 meses.

Se ben non se esixe clasificación do contratista, aos efectos de acreditar a solvencia técnica e económica dos licitadores, se propón como clasificacións supletorias do contratista algunha das seguintes: B-2-3 ou C-2-3."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes APROBAR o proxecto técnico de reparación do muro entre as rúas París-Luxemburgo (Fontiñas) elaborado por E.I.C. DURÁN S.L.

O orzamento máximo de licitación é de 266.972,73 € + 56.064,27 € de IVE (21%) = 323.037,00 €.

O prazo de execución é de 4 meses.

Se ben non se esixe clasificación do contratista, aos efectos de acreditar a solvencia técnica e económica dos licitadores, se propón como clasificacións supletorias do contratista algunha das seguintes: B-2-3 ou C-2-3.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández